Proxecto Lector de centro

Biblioteca Escolar

I.E.S. Plurilingüe Pedra da Aguia

ÍNDICE

1. Análise da situación da lectura e da escritura no centro 3
   a. Estudo das prácticas lectoras e escritoras do alumnado 3
   b. Identificación de logros e dificultades 16
   c. Análise das metodoloxías empregadas 17
   d. Recursos materiais e humanos: situación da Biblioteca Escolar e outros recursos 18
   e. Necesidades de formación do profesorado neste ámbito. 18
2. Obxectivos, fundamentos e organización 19
   a. Formación de lectores competentes 19
   b. Creación e consolidación de hábitos de lectura 19
   c. O proceso lector. Características dos lectores competentes na sociedade da información. Literacidade. Competencia lectora. Competencia literaria. 21
   d. Lectura de todo tipo de textos, en todo tipo de soportes, con todo tipo de finalidades. 21
   e. Metodoloxías máis axeitadas 22
   f. Organización de espazos e tempos. Creación de ambientes lectores. 22
   g. A Biblioteca Escolar como recurso imprescindible e factor de compensación social. Recursos culturais do entorno (bibliotecas e outros) 24
   h. Coordinación do proxecto. Participación de todo o profesorado. Modo de organización. 25
   i. Modo de difusión e apoios necesarios 25
3. Intervencións que cómpre sistematizar 26
   a. Ensinanza de estratexias de comprensión lectora en todas as áreas 26
   b. Fomento de hábitos de lectura en todas as áreas 26
   c. Actividades de educación documental (educación en información), integración das TIC 27
   d. Implicación das familias e do entorno 27
4. Criterios e procedementos de avaliación 28
   a. Elaboración de instrumentos 28
   b. Definición das fontes de información a empregar para esta avaliación 28

1. Análise da situación da lectura e da escritura no centro

a. Estudo das prácticas lectoras e escritoras do alumnado

Para analizar a situación da comprensión lectora e da expresión escrita no noso centro, dende a Biblioteca Escolar realizouse unha enquisa ao alumnado do instituto durante o mes de abril.

Con esta enquisa, que constaba de 14 preguntas, tratábase de recadar información sobre a valoración que os propios estudantes realizaban destas dúas competencias, así como obter información das súas preferencias como lectores e como produtores de documentos escritos.

Dos resultados desta enquisa, que presentamos a continuación, extráense conclusións que poderán servir de axuda para mellorar estas dúas competencias fundamentais para o proceso de formación do alumnado.

A.1. Prácticas lectoras

1. Case o 60% do alumnado afirma que, fóra dos libros obrigatorios que se mandan ler no centro, len entre 0 e 3 libros o ano. Isto significa que a grande maioría do alumnado apenas le libros por iniciativa propia.

   En contraposición a este 60%, cómpre salientar que un 8% do alumnado asegura ler máis de doce libros o ano. Neste grupo intégrase os participantes nos clubs de lectura, que len xa un mínimo de oito libros durante o curso escolar, aparte dos obrigatorios esixidos polos profesores das diferentes materias.



2. Preguntados polas razóns que os levan a coller un libro non obrigatorio, o principal motivo que os anima a ler é a temática do libro (case o 60% das respostas) e a segunda razón (37%) é a aparencia do libro. Isto pon de manifesto que, alén da temática, un deseño atractivo xoga un papel importante á hora de lanzarse a coller unha lectura non obrigatoria.



3. Quixemos valorar tamén ata que punto “A Hora de Ler” pode influír positivamente no seu gusto pola lectura así como no afianzamento do hábito lector do alumnado e os resultados foron os seguintes: un 57% dos enquisados afirman que “A Hora de Ler” axuda pouco ou nada a incorporar a lectura na súa vida diaria. Pero, para contrarrestar, o 47 % restante asegura que esta iniciativa fomenta o seu interese pola lectura bastante o moito

4. En canto a outra modalidade de lectura, a lectura en voz alta, pedíuselle ao alumnado que valorase a súa capacidade para ler de xeito fluído un texto diante de toda a clase e neste punto a súa valoración é maioritariamente positiva.

   Un 46% afirma ler de xeito fluído un texto de principio a fin e un 45% declara atrancarse as veces na lectura. Segue atopando dificultades para ler de xeito fluído é o 8% do alumnado.



5. En canto ó aspecto propiamente dito da comprensión lectora, base fundamental para a consolidación dunha formación sólida e dunha aprendizaxe significativa, preguntóuselle o alumnado sobre a súa capacidade para entender tantos as ideas principais dun texto como as ideas secundarias, froito dunha lectura máis detallada de dunha maior capacidade de comprensión lectora.

   A percepción que ten o alumnado da súa capacidade de comprensión lectora é maioritariamente positiva, posto que case o 60% do alumnado asegura comprender tanto o tema xeral dun documento escrito como as ideas secundarias.

   Esta percepción contrasta coa valoración realizada polo conxunto docente sobre a capacidade de comprensión do alumnado, o que nos induce a pensar que a percepción dos estudantes sobre a súas propia capacidade de comprensión escrita non se corresponde coa realidade, existindo a priori, polo tanto, unha sobrevaloración da mesma.



6. Outro aspecto que nos interesaba analizar nesta enquisa sobre a competencia lectora do alumnado era o formato de lectura no que acostumaba ler.

   Tendo en conta que son nativos dixitais, chama atención os resultados acadados nesta pregunta: un 83% dos estudantes preguntados aseguran ler maioritariamente en formato papel, que segue a consolidar, polo tanto, o seu papel predominante na lectura.



7. No tocante ás temáticas que interesan ao alumnado, constatamos que as preferencias lectoras se decantan nunha ampla maioría cara a narrativa, que é o contido preferido para o 65% do alumnado de centro, seguida pola ficción xaponesa dos mangas. Cómpre destacar o escasísimo interese que espertan tanto a poesía como o teatro e a divulgación científica.



8. En canto ás fontes de consulta empregadas habitualmente polo alumnado, o 60 % da información que recadan é extraída, en primeiro lugar, das redes sociais, seguida polas enciclopedias ou wikipedias e os blogs. A lectura de revistas e xornais representa apenas un 9% das fontes consultadas. Polo tanto, na súa vida cotiá, a primeira opción do alumnado para informarse é a través das redes sociais. Este dato invitaría a unha reflexión nosa sobre a pertinencia ou non de incorporar as redes sociais como forma de transmisión de información.



A.2. Prácticas escritoras

1. Despois de analizar as prácticas lectoras do alumnado, centrarémonos en valorar os resultados arroxados polas enquisas no que respecta ás prácticas escritoras. En primeiro lugar, constatar que o alumnado é consciente de que ler máis lle axudará a mellorar a súa expresión escrita. Un 80% do alumnado así o manifesta na enquisa realizada: ler máis axuda moito ou bastante a escribir mellor.

2. Na enquisa sobre a lectura, case o 60% do alumnado afirmaba que, fóra dos libros obrigatorios que se mandan ler no centro, apenas lían.

No caso da escrita os resultados son un pouco mellores, xa que un 54% afirma que escribe moito ou bastante polo pracer de facelo, contra un 46 % que asegura que escribe pouco ou nada. Este dato é significativo, xa que denota que case a metade do alumnado do centro non ten iniciativa propia para escribir, máis alá do que se lle obriga a facer no centro educativo. Esta falta de gusto pola escrita dificulta desenvolver unha mellora nesta competencia, pois falta a motivación para facelo.

3. En consonancia co enunciado na pregunta anterior en sintonía cos resultados obtidos, atopamos novamente un 46% do alumnado que asegura que non escribe pola súa conta fóra dos traballos do instituto.

4. Os que desfrutan escribindo pola súa conta textos que nada teñen que ver cos traballos académicos escriben maioritariamente nas redes sociais (un 47%) e narrativa, ficción ou banda deseñada (41%). Os diarios íntimos e as cartas tamén son preferencias nas súas producións escritas (28%) mentres que a poesía, os blogs e as fanfiction stories representan menos do 15% da produción escrita.



5. En canto á autopercepción que o alumnado ten da súa capacidade de expresarse con corrección por escrito, un 65% do alumnado considera que a súa capacidade de

comunicarse por escrito é moita ou bastante, dato este que contrastará coa percepción que ten o equipo docente da competencia escrita do alumnado, como analizaremos posteriormente.



A3. Enquisa realizada ao profesorado

No que respecta ás sete preguntas realizadas aos 23 profesores do centro, procurábase, sobre todo, que o profesorado se manifestase sobre a capacidade lectora e escritora do alumnado e que especificase que estratexias empregaba na aula para analizar estas competencias e cales eran os principais problemas que se debían solventar en aras de estabrecer pautas de mellora para os vindeiros cursos académicos.

1. (Pregunta 1). Interrogados directamente pola valoración da comprensión escrita do alumnado, os resultados son concluíntes: un 48% do profesorado asegura que esa comprensión é baixa e un 52% afirma que é media. Ningún profesor valorou a comprensión lectora como alta. Lembremos que, segundo as enquisas realizadas, a percepción que ten o alumnado da súa capacidade de comprensión lectora é maioritariamente positiva, posto que case o 60% do alumnado asegura comprender tanto o tema xeral dun documento escrito como as ideas secundarias. Existe, pois, unha percepción moi diferente entre a opinión do profesorado e do alumando sobre a súa capacidade de comprensión lectora, o que nos induce a pensar que existe unha sobrevaloración por parte do alumando das súas competencias lectoras que

non se corresponden coa realidade. O feito de que o alumnado crea que entende máis do que realmente entende podería ser unha das causas das dificultades de comprensión lectora.



2. (Pregunta 4). Quixemos coñecer a natureza das fontes que o profesorado manexaba na aula, e os resultados amosan que maioritariamente se segue a traballar con formato papel (40%), seguido de dúas tendencias que teñen o mesmo peso: unha combinación equilibrada de formato papel e dixital e maioritariamente formato dixital (26 % ambas as dúas). Lembremos que o 83% do alumando asegura ler maioritariamente en formato papel, aínda que no centro a implantación do formato dixital é importante a raíz da posta en marcha de Edixgal en todo 1º da ESO.



3. (Pregunta 5). Con respecto á facilidade para ler en voz alta, un 5% do profesorado considera que o alumnado le de maneira fluída de principio a fin un texto, mentres que un 45% do propio alumnado considera que é quen de ler fluidamente dende o principio ata o final un texto. Aquí volvemos ter unha disparidade de criterio como acontecía coa valoración da comprensión escrita. Tendo en conta os resultados, parecería que o alumando sobrevalorara a súa capacidade para ler un texto de xeito fluído.

4. (Pregunta 7). Con respecto a valoración realizada polo profesorado sobre a corrección e claridade na expresión escrita do alumnado, un 96% do profesorado considera regular ou mala a expresión escrita do alumnado. Esta percepción contrasta co 65% dos estudiantes que considera que escrebe con moita ou bastante corrección e claridade. De novo, existe unha disparidade na valoración da capacidade de expresión escrita entre o profesorado e o alumando. Parecería que o alumnado sobrevalora a súa capacidade de expresión escrita.

7. Consideras que, en xeral, o alumnado se expresa por escrito con corrección e claridade?

23 respuestas



5. (Pregunta 8). Con respecto as dificultades que o profesora do atopa á hora de ler os traballos de expresión escrita do alumnado, o principal problema que se detecta é o que atinxe á ortografía (74%). O segundo problema que dificulta ou entorpece a lectura das producións escritas é a pobreza léxica (70%), así como a dificultade para desenvolver unha idea (70%). Un nivel de puntuación alto (62%) é acordado a falta de estrutura dos textos escritos, mentres que os problemas de sintaxe representan o 43% e a falta de limpeza o 38%, valorado esta como a menos importante de todos os problemas previamente sinalados.

8. Cales consideras que son os erros a corrixir nos traballos de expresión escrita? (Varias respostas posibles)

23 respuestas



b. Identificación de logros e dificultades

B.1. Principais dificultades

As principais conclusións que podemos extraer das enquisas realizadas constitúen os principais retos e desafíos que debemos encarar con vistas a mellorar a competencia escrita e lectora no instituto:

1. Promover o gusto pola lectura: case o 60% do alumnado afirma que, fóra dos libros obrigatorios que se mandan ler no centro, len entre 0 e 3 libros o ano. Isto significa que a grande maioría do alumnado apenas le libros por propia iniciativa. O papel da biblioteca e do profesorado é, por tanto, fundamental para achegar os libros ao alumnado.
2. Fomentar o pracer por escribir: case o 50% do alumnado asegura que escribe pouco ou nada, máis alá dos traballos escritos obrigatorios.
3. Traballar dende todos os departamentos e de xeito conxunto a comprensión lectora, empregando unhas estratexias comúns. Os datos son reveladores: o 48% do profesorado asegura que a comprensión lectora é baixa e un 52% afirma que é media. Ningún docente valorou a comprensión lectora como alta. Sen embargo, a percepción que ten o alumnado da súa capacidade de comprensión lectora é maioritariamente positiva, posto que case o 60% do alumnado asegura comprender tanto o tema xeral dun documento escrito como as ideas secundarias. Sen unha boa comprensión lectora non se pode realizar unha aprendizaxe significativa.
4. Do mesmo xeito que o apuntado no apartado anterior, traballar dende todos os departamentos e de xeito conxunto a expresión escrita, empregando unhas estratexias comúns. Con respecto a valoración realizada polo profesorado sobre a corrección e claridade nos textos de aula, un 96% considera regular ou mala a expresión escrita do alumnado. Esta percepción contrasta co 65% do alumando que considera que escribe con moita ou bastante corrección e claridade. De novo, existe unha disparidade na valoración da capacidade de expresión escrita entre o profesorado. Os principais problemas atopados son a incorrección ortográfica, a pobreza léxica e a dificultade para desenvolver unha idea.

5. Practicar a lectura en voz alta, ben nas clases ou ben en actividades realizadas dende a Biblioteca Escolar: a práctica totalidade do profesorado considera que o alumando se atranca de vez en cando ao ler.

B.2. Principais logros.

En canto os logros que podemos destacar neste ámbito serían:

1. A importancia que o alumnado acorda o hábito da lectura como base para mellorar a súa escrita.

2. Case o 50% do alumnado asegura que a "Hora de Ler" axuda moito ou bastante á incorporación da lectura na súa vida diaria.

3. Un 54% dos enquisados afirma que escribe moito ou bastante só polo pracer de facelo, máis alá dos traballos esixidos no instituto.

4. Case un 10% do alumnado asegura ler máis de 12 libros ao ano.

c. Análise das metodoloxías empregadas

Como indicamos anteriormente, a metodoloxía empregada para analizar a situación da comprensión lectora e escrita no noso centro baseouse realización dunha enquisa online anónima durante o mes de abril de 2021, efectuada tanto ao alumnado como ao profesorado.

Os datos que manexamos neste estudo realizáronse sobre a base desta enquisa respondida por un total de 99 alumnos do centro. A sondaxe, como xa indicamos, constaba de 14 preguntas e a súa finalidade era recadar información sobre a valoración que os propios estudantes realizaban da súa competencia lectora e escrita, así como obter información das súas preferencias como lectores e como produtores de documentos escritos.

No que atinxe ao profesorado, a enquisa, que constaba de sete preguntas, foi contestada por 23 profesores do centro . O obxectivo deste cuestionario era coñecer a opinión do profesorado no que respecta á comprensión e expresión escrita dos estudantes e tamén indagar sobre as estratexias empregadas na aula para axudar aos estudantes a entender o que están lendo.

d. Recursos materiais e humanos: situación da Biblioteca Escolar e outros recursos

A Biblioteca Escolar vén ampliando a súa dotación nos últimos anos desde a súa creación. Ben por iniciativa do propio centro ben pola súa participación no PLAMBE, os recursos disponibles foron diversificándose para acomodarse ao correr dos tempos. Actualmente, conta cos seguintes **recursos materiais:**

- Mobiliario adaptado aos distintos espazos e ambientes.
- 8 computadores e un xogo de 5 tablets
- Impresora e escáner
- Proxector e equipo de son
- Cámara fotográfica
- Fondo bibliográfico-hemeroteca- filmoteca
- Xogos de mesa
- Catálogo online
- Blogs

Os **recursos humanos** poden variar en cada ano lectivo aínda que a coordinación da bilbioteca escolar se establece por un mínimo de dous anos e se procura dar estabilidade ao profesorado que fai parte do equipo da mesma. As horas asignadas a cada membro poden variar en función das necesidades organizativas xerais do centro, tentando posibilitar un cadrante de gardas de atención aos usuarios/as da biblioteca, así como un mínimo de tempo para tarefas de compra, catalogación, recepción de fondos e organización da programación de actividades.

e. Necesidades de formación do profesorado neste ámbito.

As continuas innovacións e avances da sociedade na que vivimos provocan a necesidade dunha constante renovación para acompañar os tempos e actualizar estratexias, coñecementos tecnolóxicos para o desenvolvemento do traballo bibliotecario e a implementación do Plan Anual de Lectura no marco deste Proxecto Lector de Centro. É por iso, que coñecendo as necesidades do traballo diario convén tomar nota das necesidades máis habituais como, por exemplo, un coñecemento máis exhaustivo do programa Meiga de xestión de bibliotecas, información e

formación permanente sobre literatura axeitada para a etapa do ensino secundario, formación en dinamización de grupos de lectura, en audiovisual, intercambio de experiencias e recursos, en ABP (aprendizaxe baseado en proxectos) e aprendizaxe cooperativa, poderían ser diferentes áreas, todas elas complementarias, de interese para o equipo de biblioteca.

2. Obxectivos, fundamentos e organización

a. Formación de lectores competentes

A nova lei de educación, cando fala das competencias que debe alcanzar o noso alumnado, indica que a lectura é a competencia máis básica, que sustenta a adquisición das demais.

A institución escolar ten a misión de preparar ao individuo para o mundo no que se desenvolverá a súa vida de adulto. Temos a misión de crear unha cidadanía apta, capaz de se manexar no tipo de sociedade na que xa estamos a vivir.

A lectura non é só un pracer estético, nin é esta a súa única función. A lectura e a escritura son un medio moi necesario para desenvolverse na sociedade da comunicación. Estamos a falar da lectura crítica de todo aquilo que lle chegue ao alumnado por diferentes medios, en todo tipo de soporte, incluída a imaxe. Un lector competente é aquel que ten capacidade para localizar, seleccionar, entender e discriminar información, e tamén, para apreciar o valor estético-artístico da lectura cando nos referimos á textos literarios.

b. Creación e consolidación de hábitos de lectura

Co fin de crear e consolidar un hábito lector entre o alumnado do centro e a comunidade educativa, prevense varias liñas de actuación que estruturan en boa medida a programación de traballo da Biblioteca Escolar, aínda que de xeito flexible para axustala ás circunstancias de cada ano.

Algunhas das estratexias consolidadas neste sentido son:

- **CLUBS DE LECTURA:** organizados por niveis para adecualos ao nivel de competencia lectora do alumnado e dos adultos, en caso de existir un grupo interesado como ten habido. Desde a coordinación da biblioteca planíficase un itinerario lector cunha duración de oito meses. As sesións desenvólvense unha vez ao mes, dentro ou fóra do horario lectivo, conducidas por profesorado voluntario ou pertencente ao equipo de biblioteca. Para tal fin, a Biblioteca Escolar fai parte da rede de préstamo interbibliotecario e/ou adquire novos fondos para a súa actualización. Esta iniciativa compleméntase con outras como sesións de cinema, encontros e roteiros literarios en relación cos títulos programados

- **HORA DE LER:** planificada como un tempo e un espazo para a lectura por pracer e estimuladora do hábito lector, destínase unha sesión semanal rotatoria, na que toda a comunidade educativa le simultaneamente unha lectura da súa preferencia. Nesta iniciativa colaboran todos os departamentos docentes cedendo tempo ao longo do calendario escolar.

- **BIBLIO NA AULA:** co propósito de facer accesible a lectura ao alumnado e ofertar fondos variados mantense unha selección de lecturas vinculadas con cada materia de estudo en todas as aulas do centro. É unha colaboración cos distintos departamentos, fóra do servizo da biblioteca central, para desvincular a idea da lectura das materias de lingua, e estendela a outros campos. Este recurso complementa, en caso de ser necesario, o programa da Hora de Ler.

- **ENCONTROS CON AUTORES/AS e ROTEIROS LITERARIOS:** reforzan anualmente moitas das lecturas programadas enriquecendo os itinerarios lectores. Acostuman a ser un pretexto para a colaboración entre entidades no traballo da Biblioteca Escolar, como por exemplo o Concello, programas do Ministerio de Cultura y Deporte, etc.

- **ACTIVIDADES DE CREACIÓN ARTÍSTICA- LITERARIA:** prográmase un calendario con actividades arredor da poesía, narrativa, etc. relacionado con certas datas significativas.

c. O proceso lector. Características dos lectores competentes na sociedade da información. Literacidade. Competencia lectora. Competencia literaria.

O Proxecto Lector de Centro (PLC) ten como obxectivo fundamental avanzar na literacidade, é dicir, na capacidade lectora, comprensiva, selectiva, crítica e creativa do noso alumnado, e procura con carácter xeral:

- Mellorar a competencia lectora: ritmo, entoación, comprensión...
- Ampliar o vocabulario nos idiomas impartidos no centro.
- Aumentar a capacidade na creación de vínculos entre as lecturas e o mundo real.
- Mellorar a capacidade de selección e discriminación da información.
- Estimular unha ollada crítica sobre as fontes de información que favoreza o aprezo por aquelas cun mínimo rigor.
- Concienciar sobre o que é e non é información de calidade e a detección de bulos en calquera medio da sociedade da comunicación.
- Estimular a habilidade na mediación e na transferencia de contidos tanto na oralidade como na escrita.
- Integrar significativamente o coñecemento.
- Fomentar o pensamento crítico a partir da lectura.
- Desenvolver o gusto estético e a capacidade de valoración de textos literarios.
- Acordar a imaxinación e a creatividade entre o alumnado.

d. Lectura de todo tipo de textos, en todo tipo de soportes, con todo tipo de finalidades.

Vivimos nunha sociedade herdeira do pensamento ilustrado que moi lentamente camiña cara un novo paradigma onde outras habilidades lle disputen o protagonismo exclusivo á memoria, e establezan unha nova escala competencial acomodada á sociedade da información, á cooperación, á interacción dixital e ao pensamento creativo como habilidades para abrir novos camiños.

Nese tránsito está a escola e un Proxecto Lector de Centro (PLC) debe tentar facilitar ese proceso. Para comezar, faise necesario desmontar a ecuación errónea "lectura= destreza exclusiva da área lingüística" e tratar de desterrala do imaxinario popular para relanzala como un pasaporte cara o coñecemento en calquera disciplina. Toda a información que procesamos chega a nós mediante algunha forma de lectura para a cal podemos e necesitamos educarnos. Se a competencia lectora non é a axeitada, temos que saber implementar as medidas oportunas para correxir ese desfase e poder avalialas cada certo tempo para valorar o seu impacto.
Neste sentido, na elaboración deste proxecto elaborouse un pequeno estudo para diagnosticar a situación de partida sobre a que actuar, así como procurar a coordinación dunha programación de lecturas diversas, que atenda a todas as temáticas e materias de coñecemento, procurando a colaboración dos distintos departamentos do centro educativo. Este traballo a realizar en cada Plan Anual de Lectura intervindo na corrección de desequilibrios, nas programacións dos clubes, ampliando e diversificando a oferta de novos fondos e creando itinerarios lectores co asesoramento do profesorado, pretende dar resposta a esta necesidade, xa sexa en soporte físico ou dixital.

e. Metodoloxías máis axeitadas

A Biblioteca Escolar desenvolverá a súa actividade de acordo co espírito da Lei de Educación onde se pon o acento sobre unha metodoloxía activa e participativa, que facilite o traballo individual e cooperativo do alumnado atendendendo á diversidade de todas as persoas da comunidade e os distintos ritmos de aprendizaxe.
A coordinación entre departamentos co Equipo de Biblioteca será, un fin e un medio en si mesmo, para crear comundidade e promover tanto o traballo interdisciplinar como a adquisición eficaz das competencias. O enfoque e tratamento das mesmas ha de ser transversal nas iniciativas propostas pola Biblioteca Escolar, ao tempo que se abre a porta ao uso das TIC e á creatividade persoal a través de calquera medio.

f. Organización de espazos e tempos. Creación de ambientes lectores.

A Biblioteca Escolar do IES Plurilingüe Pedra da Aguia encóntrase situada no baixo do edificio do centro educativo. Trátase, por tanto, dun espazo accesible e de

mobilidade fácil para toda a comunidade educativa, incluidas aquelas persoas que podan presentar mobilidade reducida, con toda a súa superficie a nivel e porta abatible de dobre folla, que permitiría pasar unha cadeira de rodas de ser necesario.

A nivel de **organización do espazo**, a Biblioteca Escolar conta cunha superficie de 90m2 aproximadamente. A súa planta rectangular, está totalmente rodeada por mobiliario expositor de fondos, excepto na súa fachada exterior, onde presenta un gran ventanal que permite a entrada de luz natural ao longo de toda a xornada. No interior, foron creados diferentes ambientes para o desenvolvemento das actividades e cunha capacidade aproximada de 25 persoas no total:

- Zona de xestión: mesa e computador do equipo de biblioteca para a realización de empréstitos, catalogación, etc.
- Zona de informática: espazo composto por oito postos de consulta conectados á rede e á impresora.
- Zona de lectura relaxada: composta por varios pufs ou sofás, é o lugar para recrearse lendo.
- Zona de traballo: ocupa a maior superficie da sala e consta de mesas en formato rectangular ou circular para facilitar o traballo grupal dirixido por profesorado ou grupos espontáneos de alumnado que se reúnen nos recreos para avanzar e axudarse coas tarefas da aula.
- Zona lúdica e creativa: espazo flexible e itinerante no que desenvolver traballos creativos dentro das iniciativas da biblioteca ou dirixidadas desde as distintas materias, así como a práctica de xogos educativos.

Fóra deste espazo, a Biblioteca Escolar conta cunha pequena sección denominada **"Biblio na Aula"** que permite contar en todas as aulas do centro cunha pequena selección de fondos de temática diversa ao alcance do profesorado e do alumnado. Constitúe, por tanto, unha extensión da BE con fondos de acceso directo, de consulta na aula, mais non de préstamo.

Do mesmo xeito, na **entrada do centro educativo**, a biblioteca conta cun mesado de exposición de novos fondos e un taboleiro sobre o que colocar avisos ou presentar traballos.

A nivel de **organización do tempo** distinguiremos entre aquel de traballo interno, variable en función das horas asignadas ao equipo de biblioteca cada ano e que será tratado no apartado de coordinación do proxecto (punto 2/h), e de traballo externo, aquel en que a sala está disponible dalgún xeito para o seu uso. Para tal fin, disponibilízanse:

- **Calendarios de reserva da biblioteca** para ser usada en actividades puntuais ou como espazo de aula para calquera materia ou actividade lúdica ou académica.
- **Horarios de uso durante os recreos** se as circunstancias o requeriren.

g. A Biblioteca Escolar como recurso imprescindible e factor de compensación social. Recursos culturais do entorno (bibliotecas e outros)

A Biblioteca Escolar preséntase na comunidade educativa como un espazo de convivencia para os membros que fan parte dela, coma un entorno educacional igualitario, de integración e, sobre todo, funcional e de estímulo para o hábito lector e o traballo interdisciplinar, coa aspiración de promover o traballo por proxectos (ABP) integrando curriculo e acollendo tamén unha vertente creativa para o seu produto final. Neste sentido, a biblioteca será un espazo imprescindible para a coordinación entre alumnado e profesorado, así como unha facilitadora de recursos para o desenvolvemento destes traballos, con fondos físicos ou dixitais.

Do mesmo xeito, a Biblioteca Escolar colaborará e recibirá apoio doutras entidades como a biblioteca municipal, o Concello e asociacións de interese social e cultural, que axuden a mellorar o seu labor no centro e o seu papel compensatorio con aquel alumnado en situacións que podan representar unha desvantaxe para a súa formación integral.

h. Coordinación do proxecto. Participación de todo o profesorado. Modo de organización.

O funcionamento do Plan Anual de Lectura depende da boa coordenación do equipo de biblioteca co profesorado das diferentes áreas, que terá a función de facer posible as propostas dos mesmos e de conseguir aqueles materiais que consideren axeitados polo seu contido, enfoque ou formato.
Esta función terase tamén en conta para dotar ao mencionado equipo das horas necesarias para a realización de todo o traballo que comporta pooñer en marcha o PAL, e poder así cubrir o horario necesario de atención á biblioteca como punto xerador e aglutinador das actividades en torno á lectura. Entre as funcións do equipo coordinador podemos sinalar as seguintes:

- Elaboración e actualización do Proxecto Lector: adecuación, cando corresponda, de posibles cambios na normativa e circunstancias que rodean á comunidade educativa, actualización de estudos dos comportamentos lectores e escritores para renovar os programas de intervención ano a ano...

- Creación e dinamización do Plan Anual de Lectura: coordinación do equipo de biblioteca e resto de profesorado en reunións, elaboración dun calendario de traballo, adquisición de fondos, catalogación, difusión, dinamización de actividades arredor da lectura, solicitude e desenvolvemento de programas, fomento da lectura, proponer traballos interdisciplinares e acompañar o seu desenvolvemento, formación de alumnado usuario…

i. Modo de difusión e apoios necesarios

A Biblioteca Escolar conta co apoio da Dirección do centro, a colaboración do claustro, así como co acompañamento da Asesoría de Bibliotecas Escolares de Galicia. No desenvolvemento dos seus programas, acostuman a sumarse outras entidades de carácter social ou cultural e o Concello de Camariñas.

Desde o punto de vista da difusión e discusión sobre o seu traballo, a Biblioteca Escolar comunícase internamente co Claustro e Consello Escolar a través das súas reunións mensuais para tratar asuntos de interese, dos que posteriormente o/a

coordinador/a informa ao resto de membros do Equipo de Biblioteca. Fóra disto, e de forma máis habitual, as canles de comunicación son o correo electrónico para correos informativos a grupos de interese (titores/as, claustro, Xefaturas de departamento, Dirección, voluntariado...) e, xa de maneira máis aberta para toda a comunidade escolar, dentro e fóra do instituto, dispón de blogs e espazo na web do centro.

3. Intervencións que cómpre sistematizar

a. Ensinanza de estratexias de comprensión lectora en todas as áreas

Con respecto ás estratexias empregadas polo profesorado nas aulas para mellorar a comprensión lectora, a práctica máis estendida entre o equipo docente para traballar a comprensión dos documentos escritos é, en primeiro lugar, a verificación por medio de preguntas orais e escritas (70%), en segundo lugar, a realización de esquemas e resumes de ideas principais e secundarias (56%) e, en terceiro e último lugar, solicitar ao alumnado que parafrasee o texto coas súas propias palabras (26%).



b. Fomento de hábitos de lectura en todas as áreas

En canto ao fomento da lectura nas aulas por parte dos diferentes departamentos do instituto, a promoción da lectura realízase maioritariamente a través da consulta de fontes de información vinculadas á materia (70%), seguido pola proposta de lecturas

voluntarias (34%), lecturas obrigatorias (30%) e lectura comprensiva de xornais e revistas, que se realiza só nun 4%.



c. Actividades de educación documental (educación en información), integración das TIC

Dentro das liñas de actuación deste programa, prevense actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habildades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave. No marco destas medidas, concretarase o programa de formación de alumnado usuario e de ALFIN, alfabetización informacional nos seus diversos medios e soportes. Paralelamente, incentivarase a súa combinación coa formación dixital do alumnado, coordinando, de ser posible, accións conxuntas co proxecto de educación dixital do centro, de xeito que se reforce a adquisición das competencias para uso, tratamento e produción de información por parte do alumnado, e se aproveiten eficientemente os recursos ao dispor da comunidade educativa.

d. Implicación das familias e do entorno

Resulta evidente que para levar adiante un plan destas características é imprescindible a colaboración da totalidade do profesorado do centro. Se non vemos a necesidade de mellorar a capacidade lectora do noso alumnado, dedicándolle un tempo e esforzo específico, un Proxecto Lector, cun Plan Lector anual, non ten sentido.

Tal e como dixemos nos primeiros apartados deste informe a aplicación dun plan destas caraterísticas require tempo, é unha carreira de fondo a levar a cabo sistematicamente ao longo dos cursos.
Procuraremos, ademais, implicar a todos os membros da comunidade educativa, incluíndo ás familias (coa información pertinente e solicitude de colaboración) e aos servizos do Concello e a Biblioteca Municipal, que poden colaborar activamente facilitando materiais e recursos para o desenvolvemento do proxecto.
Axudará neste sentido a potenciación dos clubs de lectura que inclúan ás familias do alumnado e a outros adultos interesados, dentro do ámbito de influencia do centro. Outra posibilidade a contemplar é incentivar a participación da comunidade, nun sentido amplo, con propostas de convocatoria aberta.

4. Criterios e procedementos de avaliación

a. Elaboración de instrumentos

Con carácter periódico, o Equipo de Biblioteca realizará estudos entre a comuniade escolar para avaliar o grao de consecución dos seus obxectivos. Hai que avaliar o propio proceso para ver con que aspectos cumprimos e cales hai que modificar ou, directamente, descartar. No caso do Proxecto Lector de Centro esta avaliación será realizada mediante enquisas. Do mesmo xeito, sería interesante instalar unha caixa de suxestións onde poder recoller propostas de todo tipo, que permita no curso do ano lectivo, ir adoptando pequenas decisións que incidan no resultado final.

b. Definición das fontes de información a empregar para esta avaliación

A enquisa, destinada ao alumnado e ao profesorado, será consensuada entre os membros do Equipo de Biblioteca e atenderá apartados diferentes contemplados no programa da Biblioteca Escolar.
Terá en conta, polo menos, os seguintes aspectos:

- **A mellora na adquisición das competencias básicas relacionadas co hábito Lector.**

- Habituación á lectura silenciosa.
- Habituación á lectura en voz alta coa entoación e ritmo necesarios.
- Aumento da capacidade de comprensión lectora.
- Adquisición de vocabulario.
- Adquisición da capacidade de valoración estética do texto.

- **Emprego de estratexias de información e comunicación:**

- Habilidades de busca en dicionarios e enciclopedias.
- Uso de índices e glosarios.
- Capacidade de recoñecemento da información pertinente segundo o solicitado.
- interpretación de gráficos e esquemas.
- Capacidade de transformación da información: integración de diversas fontes.
- Manexo de medios electrónicos e audiovisuais de presentación.

- **As actividades de animación á lectura:**

- Grao de consecución do obxectivo da adquisición do hábito de lectura por pracer.
- Aumento ou diminución de membros dos clubs de lectura.
- Aumento ou diminución do número de préstamos bibliotecarios.
- Aumento ou diminución de participación en certames e actividades de promoción.

- **Plan de uso da biblioteca**

- Valoración da función de dinamizadora e coordinadora do plan lector.
- Valoración da función de formación de usuarios autónomos: capacidade de atopar a información que necesita ou se lle solicita.
- A capacidade de facilitar os recursos necesarios para a realización do Proxecto Lector.

A última revisión e aprobación foi no Claustro e Consello Escolar do 6 de maio de 2021.